



Compostaxe con Bokashi de EM (CDB)

O concepto dos **Microorganismos Efectivos (EM)** foi desenvolvido polo profesor Teruo Higa da Universidade de Ryukyus, en Okinawa, Xapón. EM componse de microorganismos benéficos que existen de forma espontánea na natureza e podense aplicar como inoculantes para incrementar a diversidade microbiana en plantas e solos.

Composición dos EM:

Bacterias fototróficas: Sintetizan as substancias útiles producidas pola secreción das raíces, materia orgánica e gases prexudiciais.

Bacterias ácido lácticas: Combaten os microorganismos prexudiciais e aceleran a descomposición da materia orgánica.

Levadoras: Sintetizan e utilizan as substancias antimicrobianas que interveñen no crecemento das plantas.

Actinomicetos: Producen substancias antimicrobianas que suprimen fungos daniños e bacterias patóxenas.

BOKASHI:

Verba xaponesa que significa materia orgánica fermentada. O Bokashi de **EM A** (microorganismo efectivos activados) faise fermentando materia orgánica con EM A. O Bokashi mas utilizado é o de farelo de trigo ou de arroz.

Composición:

40% de EM A + 60% de farelo de trigo

Aspecto do Bokashi de farelo de trigo



COMO SE FAI COMPOSTAXE DE RESIUDOS DE COCIÑA CON BOKASHI:



O recipiente usado para o manexo dos refugallos orgánicos nas coziñas, debe cumprir cos seguintes requirimentos:

1. Caldeiro plástico.
2. Reixa separadora.
3. Billa para evacuar os lixiviados.
4. Tapa de axuste hermético.

PROCEDIMIENTO:

1.-Pique os refugallos para que o Bokashi actúe máis facilmente.



2. Aplique unha cullerada de Bokashi ao fondo sobre a reixa separadora.



3. Comece a colocar os refugallos picados sobre o Bokashi.



4. Cada vez que engada refugallos engada unha cullerada de Bokashi



5. Prema os refugallos cara a abaixo coa man para liberar o ar, a súa presenza xera malos cheiros e a aparición de insectos.



6. Tape o caldeiro hermeticamente. cada vez que engada refugallos repita os pasos do 4 ao 6.



7. Retire os líquidos do caldeiro e aplíqueos nos desaugadoiros do fogar para limpar as cañarías, ou utilíceos como biofertilizante no xardín, diluíndo **1 parte de líquido en 50 partes de auga.**



8. Os refugallos sólidos adecuadamente fermentados poden ser usados en hortas, xardíns ou alimentación animal.

COMO SE USA O LIXO ORGANICO FERMENTADO

Plantas de hortas: Incorporase o bokashi de lixo **distancia de mínima de 30 cm da planta** e cóbrese con terra.



1.-Bótase o bokashi de lixo entre as plantas.



2.-Mestúrase o compost de residuos coa terra



3.-¿Como está o compost que aplicamos despois de dous meses?.

Nas macetas:



1.-Utilice preferentemente unha maceta con buratos no fondo



2.-Botar no fondo unha capa de terra



3 e 4.-Engadir 1/4 del volume da maceta con compost de lixo escorrido. Mesturar. A fermentación acelérase ao mesturar



5.-Cubrir cunha capa mais de terra.



6.-Tapar con plástico para manter a humidade durante 15 días (mínimo).



7.-A aparición dun barolo branco non indica una falla.Son os microorganismos filamentosos presentes no EM.



8.-Despois dun mes, xa está lista.



9.-Con este preparado obteranse plantas sas.

Plantóns e sementes:

O sementado e colocación de plantóns farase de 2 a 4 semanas despois da aplicación do compost



1.-Primeiro cávanse entre 20 e 40 centímetros de profundidade na superficie que se vai a utilizar



2.-Incorpórase o bokashi de lixo no burato.



3.-Mesturar co a terra.



4.-Tapar cunha capa de terra.